

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS REGULADORAS DO CONTRATO DE SERVIZOS DENOMINADO “SERVIZOS COMPLEMENTARIOS NO PADROADO DA CULTURA DO CONCELLO DE NARÓN”

É obxecto deste prego a regulación e definición concreta dos servizos complementarios no Padroado da Cultura do Concello de Narón e das condicións técnicas de prestación destes.

SERVIZOS INCLUÍDOS NO CONTRATO E FORMA DE PRESTACIÓN

1- Servizos complementarios de carácter ordinario para o desenvolvemento da programación cultural no Pazo da Cultura de Narón, Auditorio Municipal e noutros espazos que utilice o Padroado.

- a) Servizos de despacho de billetes que incluírán: a atención ao público en portelo, atención ao público por reserva telefónica.
- b) Servizos de conserxería.
- c) Servizos de montaxe e desmontaxe de decorados, escenografías e equipos técnicos. Montaxe, desmontaxe, control e mantemento dos equipos, maquinaria escénica e infraestruturas técnicas que posúen os equipamentos do Padroado da Cultura do Concello de Narón. Traslado e movemento dos equipamentos, mantemento de mobiliario, aparellos e equipos técnicos. Realización de pequenas reparacións.
- d) Servizos de montaxe, desmontaxe e manexo de material e equipos de iluminación e son. Mantemento, reparación e reposición de aparatos e equipos específicos escénicos, e de equipos e materiais de sala ou zonas de público. Cobertura técnica e deseño de luces e son en actividades que polas súas características así o requiran, traslado e movemento de materiais e equipos, puntualmente servizos de rexedoría e control dos espectáculos.

Para a prestación destes servizos será necesario dispoñer de:

- 1 Vendedor/a de billetes a media xornada.
- 4 Técnicos/as adxuntos/as polivalentes a xornada completa. Con funcións de carga e descarga, portería e axudas a montaxe e desmontaxe de escenografías
- 3 Técnicos/as de son, tramoia e luces a xornada completa
- 1 Técnico de son, tramoia e luces, a xornada completa, que fará labores de xefe/a de equipo

O contratista deberá manter o persoal perfectamente uniformado, podendo o Padroado da Cultura do Concello de Narón esixir unha vestimenta especial en función da natureza dos actos que se celebren. Os gastos de vestimenta serán por conta do contratista.

A prestación de servizos poderá executarse e estenderse ao longo de calquera día do ano (laboral ou festivo), e a calquera hora do día en función da programación dos espazos. Os calendarios laborais (gozo de festivos, vacacións, distribución horaria...) do persoal que preste estes servizos axustaranse á dispoñibilidade de persoal e necesidades de servizo de cada centro.

A empresa adxudicataria asumirá a cobertura dos servizos que correspondan en caso de absentismo laboral dos seus empregados ou durante o gozo de días libres que legalmente lles correspondan. Durante o gozo do período vacacional dos seus empregados, o contratista deberá cubrir os servizos correspondentes a un vendedor de billetes a media xornada e dous técnicos adxuntos polivalentes.

2- Servizos complementarios de carácter extraordinario para determinados eventos da programación cultural que pola súa especial magnitude, ou pola coincidencia de varios actos, requiran maiores servizos. Estes servizos incluírán, entre outros, os seguintes para os que os interesados terán que ofertar prezos por hora con IVE e beneficio industrial incluído:

- Técnico/a de luz e son
- Vendedor/a de billetes
- Maquinista/tremoia
- Operario/a: carga e descarga
- Porteiro/a

A demanda destes servizos realizarase cunha antelación mínima de 24 horas. En casos excepcionais, a empresa adxudicataria deberá executar os servizos extras solicitados aínda que non se cumpra o prazo de 24 horas de antelación, sempre e cando estea debidamente xustificado.

Estes servizos serán obxecto de facturación independente polo adxudicatario, baixo o control e supervisión do Padroado da Cultura do Concello de Narón e con autorización previa en cada acto. A facturación destes servizos non terá ningunha variación se estes servizos son efectuados en días festivos ou horario nocturno.

A prestación destes servizos poderá executarse e estenderse ao longo de calquera día do ano (laboral ou festivo), e a calquera hora do día, en función da programación dos espazos.
